



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DENOMINADO “SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA E LOGOPÉDICA PARA FAMILIAS E MENORES XORDOS IMPLANTADOS OU CON PRÓTESE AUDITIVA”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social formalizou xunto coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2018. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e a FAXPG no desenvolvemento dun proxecto de atención psicolóxica e logopédica para familias con menores xordos implantados ou con prótese auditiva. O proxecto ten como principais ámbitos de actuación, a atención logopédica a menores xordos de entre 0 e 6 anos, a orientación sobre as estratexias comunicativas ás súas familias e a aos centros educativos (lingua de signos), así como tamén o asesoramento psicolóxico ás familias e/ou contorno de convivencia co fin de fomentar o desenvolvemento normalizado do sistema familiar.

A Consellería de Política Social e a FAXPG pretenden colaborar nesta ocasión para desenvolver un novo programa, un proxecto piloto, que centre o foco de intervención nas familias con nenas e nenos xordos ou con discapacidade auditiva de 0 a 6 anos, actuando dende unha fase máis temperá e dentro do eido colectivo familiar, como espazo natural de desenvolvemento. Trátase de novas actuacións non previstas na planificación de actividades da entidade para o ano 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Consellería de Política Social ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro que ten entre as súas funcións a de promover todas aquelas actividades que, individual ou socialmente, favorezan a integración das persoas xordas e/ou con discapacidade auditiva e, en xeral, dar resposta ás necesidades das persoas xordas ou con discapacidade auditiva, das súas familias e dos profesionais que traballan con elas, a través de accións de atención e orientación, así como mediante a planificación de diferentes servizos destinados a estas familias, colectivo dentro do ámbito de competencias desta Consellería de Política Social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,
Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

